

ACORDO do 6 de febreiro do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Negueira de Muñiz. (Expediente 2021/49-ATE)

Con data 21 de setembro do 2023 o Consello da Xunta ditou Acordo polo que se outorgan á empresa Viesgo Distribución Eléctrica S.L. as autorizacións administrativas previa e de construción, y se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Nova LAT e CT baixo poste en Foxo (OPA 1-58163)*, no Concello de Negueira de Muñiz.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Negueira de Muñiz deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 9 de setembro do 2022 e no Diario Oficial de Galicia do 20 de setembro do 2022, para que comparezan os días **9, 10 e 11 de abril do 2025 no Concello de Negueira de Muñiz** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Negueira de Muñiz estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados,



deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Asi mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 6 de febreiro do 2025

O director territorial

Gustavo J. Casasola de Cabo



ANEXO

Nº finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Titular	Data Actas	Hora
1	25	276	Lameira	Prado	Jose Manuel Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
1	25	276	Lameiras	Prado	Jaime Amir Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
2	25	277	Lameira	Prado	José María Braña López	9.04.25	11.30 h
3	25	275	Lameira	Monte Baixo	Hros de Antonio López Nogueiro	09.04.25	12.00 h
5	25	264	Lameiro	Monte Alto	Antonio Lledín Graña	11.04.25	10.00 h
6	25	263	Lameiro	Monte Alto	Antonio Lledín Graña	11.04.25	10.00 h
7	25	262	Lameira	Monte Alto	Benigno López Ron	10.04.25	10.00 h
9	25	260	Lameira	Monte Alto	Nieves Graña Monasterio	10.04.25	11.00 h



10	25	259	Lameira	Monte Alto	Carmen Graña Díaz	10.04.25	11.15 h
11	25	258	Lameiro	Monte Baixo	Benigno López Ron	10.04.25	10.00 h
12	25	257	Lameira	Monte Baixo	Antonio Lledín Graña	11.04.25	10.00 h
13	25	243	Lameiras	Monte Baixo	José Manuel Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
13	25	243	Lameiras	Monte Baixo	Jaime Amir Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
14	25	242	Pena do navallo	Monte Baixo	José Manuel Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
14	25	242	Pena do navallo	Monte Baixo	Jaime Amir Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
16	25	240	Pena do navallo	Monte Alto	Hros de Antonio López Nogueiro	09.04.25	12.00 h
17	25	222	Eiros	Monte Alto	Benigno López Ron	10.04.25	10.00 h
18	25	221	Eiros	Monte Alto	Ángel López Valle	10.04.25	11.30 h
19	25	220	Eiros	Prado	Hros de Antonio López Nogueiro	09.04.25	12.00 h
20	25	219	Vila bouzan	Monte Alto	Hros de Antonio López Nogueiro	09.04.25	12.00 h
21	25	218	Vila bouzan	Monte Alto	Adriano Lopez Rodeiro	10.04.25	12.00 h



23	25	213	Rebalongo	Monte Alto	José Maria Braña Lopez	9.04.25	11.30 h
24	25	212	Rebalongo	Monte Baixo	José Manuel Veiga Lopez (50%)	9.04.25	10.00 h
24	25	212	Rebalongo	Monte Baixo	Jaime Amir Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
26	25	209	Queimados	Monte Baixo	José Manuel Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
26	25	209	Queimados	Monte Baixo	Jaime Amir Veiga López (50%)	9.04.25	10.00 h
27	25	208	Queimados	Monte Alto	José María Braña López	9.04.25	11.30 h
28	25	205	Queimados	Monte Alto	Benigno López Ron	10.04.25	10.00 h
30	25	198	Telo prado	Monte Alto	Amada Castelao Díaz	11.04.25	10.45 h
31	25	187	Prado del cruz	Monte Alto	Juan Carlos López Fernández	11.04.25	11.00 h
32	25	355	Queimado	Monte Alto	Carmen Graña Díaz	10.04.25	11.15 h
33	25	426	Carballo	Monte Alto	Edp España SA	11.04.25	12.45 h
34	25	197	Prado Vello	Monte Alto	Desconocido	11.04.25	13.30 H
36	26	294	Vale	Monte Alto	Edp España SA	11.04.25	12.45 h



37	26	268	Mouzal	Monte Alto	Edp España SA	11.04.25	12.45 h
39	26	181	Mouzal	Monte Alto	Carmen Regueira Nogueiro	11.04.25	12.00 h
40	26	277	Mouzal	Monte Alto	MVMC de Barcela	11.04.25	11.15 h
43	26	257	Vale	Monte Alto	Monte Vecinal Man Común Foxo e Vilar Exp 135/75	11.04.25	11.30 h
44	26	59	Campon	Monte Baixo	Monte Vecinal Man Común Foxo e Vilar Exp 135/75	11.04.25	11.30 h

